

C.E.I.P. de Lourido – PRESENTACIÓN DA MATERIA

Materia	RELIXIÓN	Pág.	1
Curso/Ciclo	Educación Infantil 5 años		
Profesor/a	Hermitas Villanueva Martínez		

CONTIDOS		
PRIMER TRIMESTRE	SEGUNDO TRIMESTRE	TERCER TRIMESTRE
1) A Igrexa do Outeiro	4) O río da Auga clara	7) As Montañas do Sal
2) A Grande Oliveira	5) A Ponte dos Peixes	8) O campanario da Igrexa
3) O bosque da luz	6) Os Campos do Pan e do Viño	
OBXECTIVOS		
1. Adquirir progresivamente coordinación e control do propio corpo na relación cos demais identificándoo como regalo de Deus. 2. Coñecer e respectar elementos e símbolos relixiosos do medio familiar, social e natural, sentíndose membro da comunidade á que pertence. 3. Utilizar distintos tipos de linguaxes para expresar diferentes manifestacións, sentimentos e actitudes relixiosas. 4. Recoñecer e expresar accións dos cristiáns nas celebracións relixiosas, así como as diferentes posibilidades de comunicación con Xesús. 5. Ter unha actitude de alegría, colaboración e respecto no ámbito familiar e escolar como o fan os amigos de Xesús. 6. Descubrir a Deus Pai como Creador de todo o que existe, recoñecendo na creación o amor polas persoas. 7. Coñecer e expresar diferentes momentos da vida de Xesús relacionándoos coa súa propia vida. 8. Identificar a Virxe María como nai de Xesús e de todos os cristiáns. 9. Respectar, coidar e preocuparse polas persoas e elementos do seu medio como Xesús fixo e nos ensinou.		
METODOLOXÍA		
-Será activa, creativa, participativa, intercambiando as actividades individuais coas grupais. -Partindo da experiencia do neno lense relatos bíblicos e contos. -Promóvese o protagonismo do alumno mediante cancións para expresar sentimentos e pór en xogo as súas capacidades de concentración, escoita, memoria auditiva, expresión corporal e imaxinación.		
CRITERIOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN		
-Apreciar os valores cristiáns que facilitan a convivencia. -Saber observar os referentes relixiosos da contorna. -Adquirir o gusto polo bo obrar.		